

AUTISMO GALICIA

POLITICA  
DO CANAL  
ÉTICO

Federación AUTISMO GALICIA



**DATA DE APROBACIÓN:** 13 /12/2021

**ORGANO DE APROBACIÓN:** Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia.

## **PROPÓSITO.**

O obxectivo desta política é establecer e canalizar un sistema de xestión de denuncias que permita identificar condutas irregulares da Federación Autismo Galicia. Igualmente permitirá identificar áreas de mellora na xestión interna da Federación.

Aos efectos de acadar este obxectivo se habilitarán canles para o envío de denuncias que poderán utilizar tódolos grupos de interese que por motivos diversos manteñen relación coa Federación: persoal empregado e voluntario da Federación, doantes, provedores, colaboradores, etc

## **PRINCIPIOS XERAIS:**

### **Accesibilidade:**

O canal de comunicación será claro e de fácil acceso, para isto se establecen os seguintes métodos:

1. Un correo electrónico: [canaletico@autismogalicia.org](mailto:canaletico@autismogalicia.org) público a través da web da Federación Autismo Galicia. Este método non será anónimo.
2. Correo postal á Federación Autismo Galicia, dirección: Rúa Home Santo de Bonaval, 74, 15703 Santiago de Compostela á atención de “Canal Ético”.

A estes buzóns e ao contido das comunicacións terán acceso directo e exclusivamente ás persoas que constitúen o Comité do Canal Ético. Este comité actuará de forma independente e autónoma co máximo respecto á confidencialidade das comunicacións recibidas, das persoas afectadas e da documentación que no seu caso se produza.

### **Transparencia:**

Esta política será pública, así como o correo electrónico establecido como medio de comunicación.

### **Boa fe:**

As denuncias se poderán realizar de maneira anónima cando se utilice o método de correo postal. Non obstante, para poder realizar un seguimento axeitado, se solicitará, si fose posible, información para contactar co denunciante, sendo decisión do mesmo proporcionala ou realizar a denuncia de forma anónima.

No caso de que a denuncia non sexa anónima, a Federación Autismo Galicia se compromete a no tomar ningunha medida disciplinaria nin acción legal contra o emisor dunha denuncia de boa fe.

A Federación se reserva o dereito a emprender accións legais ou disciplinarias contra calquera empregado ou membro do órgano de goberno que tome unha represalia contra o emisor dunha denuncia de boa fe.

**Confidencialidade:**

A identidade da persoa que realice a comunicación terá a consideración de información confidencial e non poderá ser comunicada sen o seu consentimento.

Non obstante os datos das persoas que efectúen a comunicaron poderán ser facilitados tanto ás autoridades administrativas como ás xudiciais sempre que foran requeridos como consecuencia de calquera procedemento derivado do obxecto da denuncia. Dita cesión dos datos ás autoridades administrativas ou xudiciais realizarase dando pleno cumprimento á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.

**Obxectividade e imparcialidade:**

Unha vez recibida a denuncia se garantirá o dereito á intimidade, á defensa e á presunción de inocencia das persoas obxecto da mesma.

- O órgano de goberno nomeará a unha ou varias persoas encargadas da xestión do Canal Ético. No obstante cando algunha denuncia poida supoñer un conflito para alguma persoa ou para todo o Comité, se absterán de intervir e delegarán noutras persoas nomeadas ao efecto pola Federación.
- No caso de non absterse poderá ser recusada por calquera interesada, en particular por aquela/s persoa/s para as que puidese derivar alguma consecuencia negativa con motivo de actuación.
- Se considera que existe un conflito de interese e, polo tanto, son causas de abstención e recusación, ás seguintes:
  - Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro no que a resolución puidese influír a daquel; ser director/a da entidade; ou ter cuestión litixiosa pendente de calquera interesada.
  - Ter vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera interesada, coas persoas representante ou administradoras de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores ou asesoras, representantes legais ou mandatarios ou mandatarias que interveñan no procedemento.
  - Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no parágrafo anterior.
  - Ter relación de dependencia directa con persoa natural ou xurídica interesada directamente.
  - Calquera circunstancia que, a xuízo de quen deba absterse, ou a xuízo de quen formule a recusación, poida xera un conflito de intereses de tal intensidade que comprometa a obxectividades ou a imparcialidade.

**Eficiencia:**

A tramitación das solicitudes se realizará á maior brevidade posible. Non obstante a Federación se reserva o dereito a non emitir unha resposta nos seguintes casos:

- Solicitudes de datos de carácter confidencial: no caso de datos regulados por leis ou afecten a acordos privados que esixen a protección das persoas ou das institucións involucradas.
- Solicitudes maliciosas que vulneren claramente o criterio de boa fe por ser irrespectuosas polo seu contido ou a súa forma. Cando existan razóns ou indicios de que a comunicación se presentou de mala fe, se desestimarán o seu seguimento e se informará ao emisor dos motivos da desestimación. A Federación Autismo Galicia se reserva entón o dereito a tomar medidas disciplinarias doutra índole.

**ÁMBITO DE APLICACIÓN:**

Este canal se pon a disposición dos grupos de interese da Federación que manteñen con ela unha relación directa, tanto laboral como comercial ou de colaboración

**DEFINICIÓN:**

*Denuncia:* manifestación do estado ilegal, irregular ou inconveniente de calquera acción, omisión ou acto de tolerancia levada a cabo pola Federación Autismo Galicia no seu ámbito de xestión.

**PROCEDIMENTO:**

**Procedemento:**

1. Acceso:

A través das canles que se especifican no presente documento.

2. Contido:

A comunicación será o máis descriptiva e detallada posible, facilitando como mínimo a identificación da conduta potencialmente ilegal, irregular, inconveniente ou mellorable e, se fose posible persoas ou departamentos implicados, achegando documentación soporte, sempre que sexa posible.

Igualmente e para facilitar o proceso de investigación, instrucción e resolución deberían achegar datos identificativos de contacto.

**3. Recepción:**

Ás canles de entrada das comunicacións terá acceso exclusivamente a persoa designada pola Federación. Esta persoa forma parte do Comité do Canal Ético constituído igualmente por persoas designadas pola Federación para a xestión das denuncias, quedando estas obrigadas a tratar a información segundo os principios establecidos nesta política.

Este Comité poderá e terá liberdade para contar con asesoramento experto, con carácter consultivo ou que poida prestar a súa colaboración en determinadas denuncias en función da súa materia, gravidade ou outras circunstancias.

**4. Rexistro:**

A persoa responsable realizará un rexistro das denuncias non que figure o código asignado á denuncia, data de recepción, a información contida e data de respostas así como calquera seguimento posterior.

**5. Instrucción:**

O Comité do Canal Ético, comprobará en primeiro lugar si a comunicación recae dentro do ámbito de aplicación do Canal, en cuxo caso abrirá o correspondente expediente. Si non entra dentro deste ámbito pero si no de calquera outro Departamento da Federación, dará traslado ao mesmo da comunicación.

Denuncias: no caso de que o contido da comunicación se desprendan indicios razonables da existencia dunha situación ilegal, irregular ou inconveniente o Comité do Canal Ético iniciará un procedemento de investigación que incluirá sempre unha entrevista privada coa persoa supostamente responsable da conduta denunciada.

A Federación garantizará en todo momento a confidencialidade dos procedementos de investigación e mellora, así como a confidencialidade de todas as persoas involucradas nelas.

**6. Resolución:**

Rematados os procedementos de instrucción e mellora, o Comité do Canal Ético emitirá un informe, claro e sucinto que conterá como mínimo:

- ⇒ Descripción da investigación.
- ⇒ Feitos probados pola investigación.
- ⇒ Conclusíons que poderán comprender:

- ✓ Declaración de incumprimento e medidas correctoras, reparadoras ou disciplinarias.
- ✓ Arquivo da denuncia, no suposto de que se conclúa que non existiu incumprimento.

O informe será remitido á:

- ⇒ Dirección da Federación, para tomar esta de maneira motivada as decisións oportunas á vista das propostas efectuadas.
- ⇒ Á Xunta Directiva, para o seu coñecemento e non seu caso, para tomas de maneira motivada as decisións oportunas en relación coa Dirección.
- ⇒ A quien teña efectuado a comunicación para o seu coñecemento.
- ⇒ Á perso/a/as que teñan sido denunciadas.

**7. Prazos:**

- ⇒ Se fará acuse de recibo da denuncia nun prazo de sete días hábiles.
- ⇒ A tramitación se realizará coa maior celeridade posible.
- ⇒ O informe deberá ser remitido ás persoas e órganos implicados no punto anterior nun prazo máximo de 30 días hábiles dende a recepción.
- ⇒ No caso de non poder cumplirse ese prazo por algunha razón excepcional, deberá notificarse á persoa que teña efectuado a comunicación que a súa solicitude está en curso e se lle ofrecerá un novo prazo, que non será superior a tres meses contados dende o envío do acuse de recibo da denuncia.

**CONSERVACIÓN DA INFORMACIÓN:**

Os datos facilitados por medio do Canal Ético e Mellora conservaranse acorde o establecido na normativa vixente en materia de Protección e Garantías dos Dereitos Dixitais. Acorde a mesma, os datos só se conservarán no sistema de denuncias únicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación dos feitos denunciados.

En todo caso, transcorridos tres meses dende a introdución dos datos, procederase a súa supresión do sistema de denuncias.

As denuncias as que non se lle dera curso soamente constarán de forma anonimizada.

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de

Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais informámossle de que FEDERACION AUTISMO GALICIA, con NIF G15549306, domicilio en Rúa Home Santo De Bonaval, 74 Baixo, 15703, Santiago (A Coruña) España, teléfono 981589365 e correo electrónico de contacto info@autismogalicia.org, como responsable do tratamento tratará os seus datos para xestionar as denuncias comunicadas á entidade a través das canles habilitadas. Podemos tratar os seus datos porque temos un interese lexítimo en coñecer o incumprimento das nosas normas internas, así como das nosas obrigacións legais.

Os seus datos conservaranse durante os seguintes prazos:

- No sistema de canle de denuncias únicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación que non poderá exceder de tres meses.
- No caso de que se iniciou unha investigación interna, os datos poderán seguir sendo tratados, fóra do sistema de denuncias, só durante o tempo necesario para finalizar a investigación.
- En caso de abrirse un procedemento xudicial, os datos conservaranse ata a finalización do mesmo.

O denunciante non está obrigado a facilitar os seus datos xa que a denuncia pode realizarse de forma anónima.

Os datos persoais facilitados poderán ser comunicados aos Xulgados e Tribunais cando así sexa necesario para dar cumprimento ás obligacións legais e á normativa interna do responsable. Comunicaranse os seus datos aos nosos encargados de tratamiento cando sexa necesario para a correcta prestación dos servizos contratados aos mesmos. Non se van a realizar transferencias internacionais de datos.

Os interesados dispoñen dos seguintes dereitos en materia de protección de datos:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar datos persoais seus ou non, a saber, cales son, para que se usan, canto tempo van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van a comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recolleitos, incluído o dereito ao esquecemento.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do Tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.

- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitilos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito dirixíndose a Rúa Home Santo De Bonaval, 74 Baixo, 15703, Santiago (A Coruña) España ou ao correo electrónico [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org). FEDERACION AUTISMO GALICIA pon á súa disposición modelos para a realización do exercicio de dereitos que poden solicitarse na dirección ou a través do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: [www.aqpd.es](http://www.aqpd.es).

No caso de que non se respectaron os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>. En ambos os casos, deberá acompañar a documentación pertinente.

Esta política foi aprobada na sesión de Xunta Directiva da Federación Autismo Galicia o día 13 de decembro de 2021.

**SEDE SOCIAL**

Rúa Home Santo de Bonaval, 74

**CENTRO DE RECURSOS**

Rúa Rodríguez de Viguri, 35

15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

